

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

CADERNO DE TITORÍA

1º ESO

ALUMNO/A: _____

Índice

Actividade Nº 1: benvinda, coñecemento de horarios e primeiras normas.	3
Actividade Nº 2: cuestionario sobre a acollida.	4
Actividade Nº 3: dereitos e deberes do alumnado.	5
Actividade Nº 4: normas de convivencia.	6
Actividade Nº 5: elección de delegada ou delegado.	9
Elección do delegado/a de grupo.	10
Xunta de delegados e delegadas.	11
Funcións da xunta de delegados e delegadas.	11
Funcións do delegado ou delegada.	11
Actividade Nº 6: Establecemento e redacción das normas da aula.	12



Actividade Nº 1: benvida, coñecemento de horarios e primeiras normas.

Hoxe é o primeiro día de clase e trala presentación do voso titor/a ides presentarvos cada un de vós.

A continuación, tedes que copiar na vosa axenda o horario de clase que ides ter durante o curso.

Pregunta todo o que non entendas do horario.

Sabes onde están as aulas nas que tes clase?.

Anota os nomes do teu profesorado na túa axenda e o horario de atención a pais e nais de cada un/unha deles/as. (Páxina 3 da axenda).

Na páxina 4 da axenda tes un calendario escolar onde figuran as conmemoración que se celebran ao longo do curso.

Nas páxinas 5, 6 e 7 tes un planos das tres plantas do instituto. Intenta localizar o sitio onde te atopas e as aulas ás que terás que desprazarte para as clases das distintas materias.

Ten en conta que:

- No recreo só poderás permanecer na primeira planta (cafetería, patio ou pistas deportivas) ou subir á biblioteca a estudar.
- Tamén durante o recreo, podes comer o que traías da casa ou comprar algo na cafetería.
- Á cafetería só podes ir durante o recreo.
- Para xogar nas pistas deportivas hai balóns de fútbol e baloncesto.
- Para ir ó baño terás que pedirlle a chave ó profesor co que teñas clase.



Actividade Nº 2: cuestionario sobre a acollida.

Gustouche a acollida que che fixeron os nosos alumnos e alumnas o curso pasado?


Que foi o que máis che gustou?

Que foi o que menos che gustou?

Que che gustaría que cambiara cando te recibiron os alumnos?.

Que foi o que máis che gustou do teu novo instituto?

Que é o que menos che gustou?.



Actividade Nº 3: dereitos e deberes do alumnado.

Le e comenta os dereitos e deberes do alumnado contidos na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.



2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.



Actividade Nº 4: normas de convivencia.

Le e comenta as normas de convivencia contidas no Plan de Convivencia deste Instituto:

5.1.1.- Normas de convivencia xerais.

Respectar o dereito ó estudo e aproveitamento do tempo dos compañeiros e compañeiras.

Respectar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, igualdade de dereitos de mulleres e homes e dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Obedecer as ordes e indicacións de todo o profesorado no exercicio das súas competencias, dentro e fora das aulas.

Asistir con puntualidade a todas as clases.

Conservar e facer un bo uso das instalacións e materias do instituto.

Participar activamente nas clases e demais actividades.

Non usar prendas que oculten a cara ou dificulten o recoñecemento, ou que poidan supor unha falta de respecto, pudor, decencia ou decoro.

Respectar todas as normas contidas neste documento e nas normas de organización e funcionamento.

5.1.2.- Normas de convivencia nas aulas.

Manter en todo momento limpa e ordenada a aula.

Respectar a orde dos pupitres feita pola titoría e non arrimalos á parede.

Non comer nin beber, tanto durante as clases como no tempo que pode mediar entre elas.

Subir as cadeiras ós pupitres ó remate das clases da mañá (incluídos os luns).

Cando se retrase o profesor ou profesora o grupo permanecerá na aula ata que chegue o profesorado de garda sen pechar a porta. Se ós dez minutos de tocar o timbre non aparece, o delegado ou delegada do grupo irá ata a sala do profesorado preguntar por el.

5.1.3.- Normas de convivencia nos corredores e escaleiras.

A circulación por corredores e escaleiras farase de forma tranquila, evitando carreiras, xogos, berros, etc.

Os corredores e escaleiras son zonas de paso, polo tanto non se poderá permanecer neles durante as clases, recreos e demais tempos de lecer. En consecuencia tampouco se permite sentarse nas escaleiras, descansos e corredores.

Para o acceso ás plantas superiores, o alumnado utilizar as escaleiras que comunican directamente coa entrada de conserxería e as da zona nova.

5.1.4.- Normas de convivencia nos servizos.

Os servizos permanecerán pechados polas mañás e tardes do luns ata as 17:10, hora en que remata a última clase do réxime ordinario.

O profesorado disporá da chave para deixarlle a aquel alumnado que queira facer uso dos mesmos, controlando que sempre vaian de un en un.

Os vestiarios e servizos da planta baixa deben permanecer pechados durante o tempo que o alumnado está en clase de educación física. Abriranse durante os recreos e unha vez que remate a última clase da mañá, ás 14:00 h.

5.1.5.- Normas de convivencia na cafetería e comedor.

O alumnado só poderá acudir á cafetería durante o recreo. En circunstancias excepcionais e ben motivadas poderá facer uso dela co permiso do profesor ou profesora co que teña clase.

O alumnado de bacharelato poderá usar a cafetería nas horas lectivas nas que non teña clase.

Só se poderá xogar utilizando os xogos existentes na propia cafetería e exclusivamente nos períodos de lecer.

Non se permiten en ningún momento os xogos de envite.

Mestres o alumnado use a cafetería e comedor ten as mesmas obrigas de limpeza, orde e respecto polas instalación e mobiliario que nos demais locais do instituto.

5.1.6.- Normas de convivencia no recreo e períodos de lecer.

O alumnado menor de idade non poderá abandonar o centro.

Durante o recreo o alumnado poderá estar na biblioteca, cafetería, patio de columnas e pistas deportivas exteriores, pero non poderá permanecer nas aulas, corredores, escaleiras e zonas exteriores limítrofes coa rúa Paco Lanza e avenida de América.

Non está permitido xogar con balóns no patio de columnas.

A chave da gaiola dos balóns, que está no patio de columnas, gárdase en dirección ou conserxería. Un alumno ou alumna voluntario responsabilizarase de collela, abrir a gaiola, volver a pechala con todos os balóns dentro ó remate do período de lecer e devolvela ó lugar onde lla prestaron.

Durante este tempo terase especial coidado de non tirar ó chan desperdicios.

5.1.7.- Uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos.

Sen un consentimento específico do profesorado, non se permite o uso de teléfonos móbiles, aparellos de reprodución de son e vídeo, tabletas, ordenadores portátiles, cámaras de fotos e/ou vídeo e calquera outro aparello electrónico, nin dentro nin fóra das clases.

Se un alumno ou alumna necesítase facer unha chamada urxente, comunicarao ao profesor ou profesora que, tras valorar a xustificación e urxencia, autorizarao ou non a baixar á conserxería ou despacho dun cargo directivo de garda.

Se un alumno ou alumna recibise unha chamada de carácter urxente, a persoa que atenda a chamada encargarse de facerlle chegar o aviso, ben directa ou indirectamente.

O instituto non se fará responsable da perda ou roubo de aparellos electrónicos.

Na aula de informática o uso dos ordenadores realizarase sempre baixo a supervisión dun profesor ou profesora.



Actividade Nº 5: elección de delegada ou delegado.

Comezado o curso é preciso que elixas ós compañeiros/as que serán os teus representantes durante o curso. Coa fin de que esta elección sexa o máis acertada posible será necesario que coñezas ben ós teus compañeiros/as e que reflexiones sobre as tarefas que terán que desempeñar e as características que deben ter. Escribir a continuación as que, segundo a vosa opinión, serían desexables.

Características de un bo delegado – dunha boa delegada:



Tarefas que debe realizar o/a delegado/a:

Quen do grupo estaría disposto/a a presentarse?

Elección do delegado/a de grupo.

Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá o delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.



As eleccións de delegados e subdelegados, así como a do delegado que presidirá a xunta de delegados, serán convocadas polo xefe ou xefa de estudos, e organizadas por este en colaboración cos titores dos grupos e os representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar .

A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da xunta de delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor ou titora, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron.

Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

A elección en cada grupo realizarase entre as candidaturas presentadas. No caso de non haber candidaturas realizarase unha votación considerando elixible a todo o alumnado do grupo. De ser necesario, realizaranse sucesivas votacións descartando as candidaturas menos votadas ata que unha deles acade a maioría absoluta. O titor ou titora recollerá en acta os resultados da votación e trasladaralla á xefatura de estudos.

A designación dos delegados e delegadas, subdelegados e subdelegadas poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido á titoría, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

O delegado ou delegada poderá ser cesado pola dirección por incumprimento das súas funcións ou acumulación de tres faltas ás normas de convivencia no centro. Nese caso será o subdelegado ou subdelegada quen asumirá o cargo. De ser necesario, realizarase unha nova elección.

O delegado ou delegada poderá dimitir dos seus cargos mediante un escrito dirixido á dirección no que se expoñan as causas e razóns que orixinan a súa dimisión.

A dirección, despois de consultar coa titoría do grupo, xefatura de estudos e xefatura do departamento de orientación, poderá admitir ou non a dimisión.



Xunta de delegados e delegadas.

Nos institutos de educación secundaria existirá unha xunta de delegados integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.



A xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Funcións da xunta de delegados e delegadas.

- a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar ós representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar ós alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- g) Formular propostas ó xefe ou xefa de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- h) Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

Funcións do delegado ou delegada.

- a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- d) Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

Actividade Nº 6: Establecemento e redacción das normas da aula.

A continuación ides elaborar as normas para a vosa clase. Estaredes convivindo xuntos/as ao longo deste curso e tales normas deben ser elaboradas, coñecidas e aceptadas por todos/as os que formades este grupo. Discutide en grupo co titor o titora as respostas a estas preguntas:

Como vos gustaría que fosen as relacións entre vosoutros/as?.

Que obrigas debedes manter para que a vosa aula sexa un espazo agradable?.

Que responsabilidades ides asumir para que isto sexa así?

Como se resolverán os conflitos que podan xurdir na vosa convivencia diaria?

Que cosas non podemos permitir que pasen?...

Como ides ordenar os pupitres?.

NORMAS DE CONVIVENCIA NA AULA

Normas claras



